



## SOLICITUDE AXUDAS LIBROS – FONDO SOLIDARIO E AXUDAS MATERIAL CURSO 2023 – 2024

ORDE do 10 de Maio de 2023 pola que se regula a participación no fondo de libros ,axudas para a adquisición de libros de texto e axudas adquisición de material destinadas ao alumnado matriculado en E. Primaria, E. Secundaria Obrigatoria ou E. Especial para o curso 2023/24

### LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN.

- As solicitudes entregaranse **nos centros docentes**
- **Unha UNICA solicitude para os fillos matriculados no mesmo centro.** (se hai 2 fillos faise unha solicitude )
- As axudas serán solicitadas polos pais, nais, titores ou representantes legais
- Por cada alumno ou alumna só se concederá unha axuda
- Obriga de devolver os libros adquiridos co vale. (Fondo de libros)

a) **Educación primaria e educación especial:** ata o 21 de XUÑO 2023, inclusive. \* (**VER INSTRUCCIÓN CENTRO**)

b) Para as **novas incorporacións de alumnado** que se produzan ao longo do curso, sempre que no mesmo curso escolar non estivesen matriculadas con anterioridade nun centro sostido con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, **o prazo será de un mes e contarase a partir do día seguinte ao da formalización da matrícula.** En todo caso, o prazo para presentar a solicitude para as novas incorporacións terá como **data límite o 31 de marzo de 2024.**

### SOLICITUDES E DOCUMENTACION

Unha vez cuberta a solicitude **en fondo libros, sede electrónica ou presencialmente**, deberá presentarse:

- Asinada polo pai, a nai ou titor/a do alumnado.
- Asinada por todos os membros da unidade familiar computables que sexan maiores de idade, excepto **nos supostos de separación** ou divorcio, nos cales **poderá omitirse a sinatura do proxenitor que non teña a custodia do menor.**

Xunto coa solicitude presentarase orixinal (para verificar) e copia da seguinte documentación

a) **Libro de familia no que figuren todos os membros da unidade familiar.**

No caso de non ter libro de familia, ou **se a situación familiar, a día 31 de decembro de 2021, non coincide coa reflectida no libro,** terá que presentarse documento ou documentos acreditativos do número de membros da unidade familiar, tales como:

- Sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou o convenio regulador onde conste a custodia .
- **Certificado ou volante de convivencia.**
- Informe dos servizos sociais do concello , que acredite a situación familiar.

b) **No caso de discapacidade dalgún dos membros da unidade familiar** incluídos na solicitude deberá acreditarse esta circunstancia a 31 de decembro de 2021 mediante:

- Certificado do grao de minusvalía cunha porcentaxe igual ou superior ao 33%,
- Resolución ou certificado da Seguridade Social de pensión de incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou gran invalidez ou ...
- Documentación acreditativa da condición de pensionista de clases pasivas cunha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade....

c) **No caso de situación de violencia de xénero: documentación acreditativa.**

d) **O alumnado de educación especial** unicamente deberá presentar a solicitude de axuda, non sendo necesario xuntar documentación algunha.

e) **O alumnado cunha discapacidade igual ou superior ao 65%,** só ten que presentar a certificación emitida polo órgano competente do grao de minusvalía xunto coa solicitude

f) **Outra documentación**

### CONTIA DAS AXUDAS

- Segundo a renda per cápita familiar do exercicio **2021: máxima 240 € e mínima 160 €**
- Alumnado matriculado en **educación especial**, en centros específicos ou en unidades de educación especial en centros ordinarios, así como **o que presente unha discapacidade igual ou superior ao 65%, que cumpra os requisitos desta orde recibirá 300 €,** con independencia da renda per cápita familiar.



- A Renta percápita non poderá escender os 10.000 euros para poder optar as axudas de libros
- A Renta percápita non poderá escender os 6.000 euros para poder optar as axudas de material

#### CALCULO DA RENDA PERCAPITA FAMILIAR

1. Enténdese por renda percápita familiar a renda familiar dividida entre o número de membros da unidade computables. **(435+ 460): nº membros computables**
2. **Cálculo da renda per cápita** : computarán por dous os membros que figurando na solicitude teñan unha discapacidade igual ou superior ao 33%, que acrediten unha pensión de incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou grande invalidez ou que teñan recoñecida a condición de pensionista de clases pasivas cunha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.  
Nos casos de violencia de xénero no ámbito familiar, quedarán excluídos do cómputo das rendas os ingresos do agresor, considerándose a familia como monoparental.
3. **Para determinar a renda percápita** familiar, terase en conta a situación persoal e **familiar en 31 de decembro de 2021 e o exercicio fiscal 2021**.
4. **A renda familiar obtérase** por agregación das rendas de cada un dos membros computables que obteñan ingresos de calquera natureza, de conformidade coa normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas. Os membros da unidade familiar que presentasen declaración do imposto sobre a renda do 2020, para os efectos do cálculo da renda familiar, sumaran os recadros **435 (base imponible xeral) e o 460 (base imponible do aforro) da declaración**.
5. **Tanto o solicitante como o resto de membros computables que obteñan ingresos, indicando NIF ou NIE, deberán asinar o anexo II**
6. **No caso de familias monoparentais** deberá acreditarse documentalmente esta circunstancia.
7. **No caso de divorcio ou separación legal dos pais**, non se considerará membro computable aquel que non conviva co causante. Non obstante, se é o caso, terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida por análoga relación, e as rendas incluíranse
8. **No caso de non facer declaración da renda** teranse en conta **os ingresos netos de todos os membros computables** da unidade familiar.

#### Determinación da unidade familiar.

1. A situación familiar a **31 de decembro de 2021**, considérase que conforman a unidade familiar:
  - Os pais **non** separados legalmente e, se for o caso, o titor/a, ou a persoa encargada da garda .
  - Os fillos /as menores de idade, con excepción dos emancipados.
  - Os fillos/as maiores de idade con discapacidade física, psíquica ou sensorial
  - Os fillos/as solteiros menores de vinte e cinco anos e que convivan no domicilio familiar.
2. **Cando non exista vínculo matrimonial**, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os descendente que convivan con eles, e que reúnan os requisitos do punto anterior. Esta situación deberá acreditarse documentalmente mediante empadramento., certificado convivencia.
3. **No caso de falecemento dalgún dos proxenitores**, acreditarase mediante certificado de defunción.
4. **Os casos de separación ou divorcio** acreditaranse mediante sentenza xudicial ou convenio regulador onde conste a custodia do/a menor.
5. **No caso de separación ou divorcio dos proxenitores con custodia compartida acreditada** mediante sentenza xudicial, as rendas de ambos os proxenitores incluíranse dentro do cómputo da renda.
6. **Nos supostos dunha situación de acollemento**, aplicarase o disposto nos puntos anteriores.
7. Na situación de **garda, tutela ou atención de día pola Xunta** , a solicitude deberá ser formulada polo director ou directora do centro de menores correspondente.

#### ADQUISICION DE LIBROS

- **Co vale xerado UNICAMENTE se poderá adquirir libros de texto.**

#### OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

- **Conservar en bo estado os libros**
- **Incorporalos ( entregalos) ao rematar o curso 2023/24 ao Fondo solidario que se creará no Centro para ser reutilizables no futuro. Excepciónanse os libros de 1º e 2º de E.P por non ser reutilizables.**

**MAIS INFORMACION E SOLICITUDES NA PAXINA WEB DO CENTRO**

**<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipoteropedrayo>**